



<< A derradeira lección do mestre

Galicia mártir
1937
Aguada tinta negra / Papel
29,80 x 22,00 cm
Museo de Pontevedra



Colaboran: Fundación Caixa Galicia, CGAI, Consello da Cultura Galega, Colexio de Avogados de Pontevedra, Editorial A Nosa Terra, Editorial Galaxia, Fundación Alexandre Bóveda, Fundación Castelao, Fundación Penzol, Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, Museo de Pontevedra, Real Academia Galega e coleccionistas particulares.



Castelao:

A derradeira lección do mestre

A DERRADEIRA LECCIÓN DO MESTRE

No 7 de Xaneiro deste 2010 cumpríronse 60 anos da morte de Castelao. Esta Exposición a el dedicada quer, a pé feito, conxurar unha perniciosa parsimonia, non casual, a que nos leva a demorar de máis no coñecemento da nosa historia e, por tanto, a ignorármonos nós mesmos. O caso de CASTELAO (Galiza-Rianxo, 1886 - Buenos Aires, 1950) é particularmente chamativo, porque se dá a circunstancia de que non só constitúe un precioso antecedente cultural e político, senón que o pensamento e a praxe por el elaborados están aínda lonxe de teren cumprimento na Terra a que serviu. Non está superado.

Entre o silencio e o ditirambo oco hai un camiño considerábel, o do coñecemento actualizado, a perspectiva realista e o dereito a orgullármonos da nosa propia historia, a comezar pola que nos significou de forma digna, non a que nos caricaturizou inclemente. Este necesario coñecemento de nós, este reencontro, é o que pretendemos con esta Exposición montada arredor da maior personalidade galega do século XX, Castelao. A importancia e a transcendencia da súa obra fan del un compatriota invulgar, porque aunou, en toda a súa actividade, múltiples funcións artísticas e políticas, como debuxante, pintor, xornalista, caricaturista, ilustrador, escritor, pensador e político nacionalista. Mais todas as faces deste poliedro tan fértil obedecen a unha mesma motivación e aspiración: a significación cultural e a representación política da Galiza como nación que debía ser coñecida e recoñecida como tal, tanto fóra como dentro dela mesma. Porque non abdicou nunca, en toda a súa vida adulta, dun duplo deber: a devolución aos galegos da súa historia e da súa cultura, e a proxección do universo galego en España e no mundo.

O período que privilexia esta Exposición correspóndese cos anos 1936-1950, anos todos en que o noso autor non puido poñer o pé na súa terra. Andou por múltiples destinos, todos eles

fisicamente fóra da Galiza e, porén, paradoxalmente, nunca estivo tanto na Galiza como neste período. Débese este aparente paradoxo a un esforzo da vontade, a un empeño da intelixencia e a un compromiso patriótico que a distancia física e as circunstancias terribéis da política española e mundial non fan máis que agrandar: guerra civil española; 2ª Guerra Mundial; traizón das democracias occidentais para coa agonizante República española; fundación da ONU; constitución do Consello de Galiza; bifurcación inencontrábel do antigo galeguismo, o que mantén en pé os peares ideolóxico-políticos do nacionalismo de pre-guerra e o que os liquida. Estes dous pólos (representados por Castelao e por Piñeiro, respectivamente, e localizados en Arxentina e no interior) serven ben á tese de considerarmos unha outra división, diferente da habitual que se adoita sinalar entre a Galiza territorial e a da diáspora. Grazas a esta, dise, teríanse realizado grandes obras de interese galego que, en esaxerado corolario, autorizarían a reputar a emigración un ben para a Galiza. Contra este dualismo das dúas Galizas, separadas fisicamente por miles de quilómetros ou de millas, propomos unha outra divisoria: a de galegos que queren selo e exteriorizalo e orgúllanse da súa condición de tais, face a galegos que o son a desgosto, ancorados nun autodesprezo aínda non conxurado. E isto vale tanto para aquí, a Galiza territorial, como para a Galiza da emigración-exilio, en tantos lugares distantes do planeta. Tan é así, pensamos, que non por casualidade a maior obra de pensamento do século XX galego se titulará *Sempre en Galiza* (1944) e editarase, en Buenos Aires, mercé ao patriotismo e ao diñeiro de galegos emigrados, leaís ao país, como, no XIX, acontecera con *Follas Novas* (1880), de Rosalía de Castro, en La Habana.


Da descomunal produción artística de Castelao (perto de 4.000 pezas ten catalogado Miguel-Anxo Seixas), esta Exposición, loxicamente, só ofrece unha mínima parte, mais coidamos que

expresiva do período de referencia, xunto con obra anterior para unha necesaria contextualización. Quixeramos que fose non un punto de chegada, senón un punto de partida, para animar ao coñecemento e desfrute dunha obra realmente admirábel en todos os sentidos, descoñecida aínda en grande parte e que precisa, por isto, dunha socialización acorde cos tempos.

A derradeira lección do mestre...: non outro podería ser o título dunha Exposición sobre o noso autor neste comezo do século XXI. Supón non só homenaxe a unha vida e un traballo continuado de entrega inigualábel á patria galega, senón convite (por iso utilizamos os puntos suspensivos) a que prosiga no tempo actual e a que sexa realmente exemplar para nós, galegas e galegos de hoxe.

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO
FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

Comisarios da Exposición



Postal do 14 de abril de 1940 Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside

ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS

INAUGURACIÓN

Mércores, 14 de abril de 2010, ás 20:00 horas

Interveñen:

Antón Bao Abelleira, vicepresidente primeiro da Deputación de Lugo
María Pilar García Negro e Felipe-Senén López Gómez, comisarios
Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial de Lugo

VISITAS TÉCNICAS

A cargo dos comisarios da mostra María Pilar García Negro e Felipe-Senén López Gómez.

Martes, 18 de maio, ás 19:30 horas

Martes, 15 de xuño, ás 19:30 horas

CONCERTO

A cargo de Xoán Elías Castiñeira

Xoves, 6 de maio, ás 20:00 horas

PROXECCIONS

xoves, 27 de maio, ás 20:00 horas

-**Miss Ledy**a (José Gil, 1916) (20 min), coa intervención como actor de Castelao. Cedida polo CGAI.

A continuación:

-Charla-coloquio con Guillermo Escrigas, director do CGAI.

Proxección permanente na Sala de Exposicións

-*Imaxes de Castelao en Buenos Aires* (Elixio González, 1972).

Cedida polo CGAI.

-*Castelao na súa visita a Bahía Blanca* (ca. 1945). Cedida polo CGAI

-*Imaxes e obras de Castelao*.

CHARLA-COLOQUIO: Castelao. A derradeira lección do mestre
Xoves, 10 de xuño ás 19:30 horas

Interveñen: Especialistas e investigadores da obra de Castelao.

OBRADOIRO DE CARICATURAS

A cargo de Joaquín París

Horario de 11:30 a 13:30 horas.

Inscrición previa no Departamento de Didáctica, tfno.: 982 242 300.

Para rapaces de 6 a 9 anos

Datas: 17 de abril e 12 de xuño.

Para rapaces de 10 a 13 anos

Datas: 15 de maio e 10 de xullo.

VISITAS GUIADAS

Para todo tipo de públicos e grupos familiares, todos os sábados, ás 12:30 horas.

Non precisan inscrición previa.

PUNTO DE LECTURA

Onde se poderán consultar diversas publicacións da autoría de Castelao ou relacionadas coa súa obra. Colaboran Editorial Galaxia e A Nosa Terra.

SALA MONOGRÁFICA

Coincidindo coa apertura ao público desta exposición, o Museo Provincial de Lugo presenta a súa colección permanente de obras de Castelao que se pode visitar na súa nova sala, a núm 25.

VISITAS CONCERTADAS PARA GRUPOS ESCOLARES

Visitas guiadas para grupos escolares complementada cunha unidade didáctica.

Inscrición previa no Departamento de Didáctica, tfno.: 982 242 300.

CONTACTOS

Museo Provincial de Lugo. Tfno.: 982 242 112

Departamento de Didáctica. Tfno.: 982 242 300

www.museolugo.org

Todos os actos e actividades son de entrada libre e gratuíta.